



## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**

**1. Sinale o enunciado INCORRECTO de acordo coa Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes:**

- A) O titular do dereito á información é o paciente. Tamén serán informadas as persoas vinculadas a el, por razóns familiares ou de feito, na medida en que o paciente permítao de forma expresa ou tácita.
- B) No documento de consentimento informado non quedará constancia de que o paciente ou a persoa destinataria da información recibe unha copia do dito documento e de que comprendeu adecuadamente a información.
- C) As historias clínicas son documentos confidenciais propiedade da Administración sanitaria ou entidade titular do centro sanitario cando o médico traballe por conta allea e baixo a dependencia dunha institución sanitaria. En caso contrario, a propiedade corresponde ao médico que realiza a atención sanitaria.
- D) A historia clínica deberá ser única por paciente, polo menos en cada complexo hospitalario, hospital ou centro sanitario.

**2. De acordo coa Lei Xeral de Sanidade, indique cal das seguintes opcións NON é unha obriga dos cidadáns coas institucións e organismos do sistema sanitario:**

- A) Coidar as instalacións e colaborar no mantemento da habitabilidade das Institucións Sanitarias.
- B) A participar, a través das institucións comunitarias, nas actividades sanitarias, nos termos establecidos nesta lei e nas disposicións que a desenvolven.
- C) Cumprir as prescricións xerais de natureza sanitaria comúns a toda a poboación, así como as específicas determinadas polos Servizos Sanitarios.
- D) Responsabilizarse do uso axeitado das prestacións ofrecidas polo sistema sanitario, fundamentalmente no que se refire á utilización de servizos, procedementos de baixa laboral ou incapacidade permanente e prestacións terapéuticas e sociais.

**3. De acordo co artigo 51.1 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, sinale a opción correcta:**

- A) O tempo de traballo correspondente á xornada ordinaria non excederá de 16 horas ininterrompidas.
- B) O tempo de traballo correspondente á xornada ordinaria non excederá de 12 horas ininterrompidas.
- C) O tempo de traballo correspondente á xornada ordinaria non excederá de 24 horas ininterrompidas.
- D) O tempo de traballo correspondente á xornada ordinaria non excederá de 14 horas ininterrompidas.

**4. En que ano se aprobou o Estatuto de Autonomía de Galicia?**

- A) 1981.
- B) 1980.
- C) 1982.
- D) 1996.

**5. En relación coa toma de posesión, o artigo 19 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, dispón:**

- A) Os aspirantes nomeados disporán do prazo de dous meses para incorporarse ao destino adxudicado.
- B) Os aspirantes nomeados disporán do prazo dun mes para incorporarse ao destino adxudicado.
- C) Os aspirantes nomeados disporán do prazo de tres días para incorporarse ao destino adxudicado.
- D) Os aspirantes nomeados disporán do prazo dunha semana para incorporarse ao destino adxudicado.

**6. Indique el enunciado correcto:**

- A) Corresponde á Inspección de Traballo e Seguridade Social a función da vixilancia e control da normativa sobre prevención de riscos laborais.
- B) Corresponde á Inspección Médica a función da vixilancia e control da normativa sobre prevención de riscos laborais.
- C) Corresponde á Inspección de Previsión Social a función da vixilancia e control da normativa sobre prevención de riscos laborais.
- D) Corresponde ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado a función da vixilancia e control da normativa sobre prevención de riscos laborais.

**7. Indique a resposta correcta:**

- A) O Servizo Galego de Saúde configúrase como un organismo autónomo de natureza administrativa.
- B) O Servizo Galego de Saúde configúrase como unha axencia pública autonómica.
- C) O Servizo Galego de Saúde configúrase como un consorcio público de servizos sociais.
- D) O Servizo Galego de Saúde configúrase como un organismo autónomo de natureza empresarial pública.

**8. A forma política do Estado español é:**

- A) Monarquía federal.
- B) Monarquía parlamentaria.
- C) Monarquía constitucional.
- D) Monarquía dual.

**9. Indique, conforme ao Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, cal dos seguintes NON é un dereito colectivo:**

- A) Á libre sindicación.
- B) Á folga.
- C) Á acción social nos termos e ámbitos subxectivos que se determinen nas normas, acordos ou convenios aplicables.
- D) Á reunión.

**10. De acordo coa Lei de Saúde de Galicia, será presidente ou presidenta do Servizo Galego de Saúde:**

- A) A persoa titular da Xerencia do Servizo Galego de Saúde.
- B) A persoa titular da Consellería de Sanidade.
- C) A persoa titular da presidencia do Consello de Dirección do Servizo Galego de Saúde.
- D) O Servizo Galego de Saúde non ten presidente ou presidenta.

**1. De acordo co artigo 30.2 da Lei de Saúde de Galicia, sinala a opción correcta:**

- A) Non se inclúen dentro do Sistema Público de Saúde de Galicia as actividades ou servizos que sexan prestados con recursos públicos.
- B) Inclúense dentro do Sistema Público de Saúde de Galicia as actividades ou servizos que sexan prestados con recursos non públicos.
- C) Non se inclúen dentro do Sistema Público de Saúde de Galicia as actividades ou servizos que sexan prestados con recursos non públicos.
- D) Non se inclúen dentro do Sistema Nacional de Saúde as actividades ou servizos que sexan prestados con recursos públicos.

**2. Sinala cantos delegados de prevención lle corresponden a unha empresa de 75 traballadores segundo a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais:**

- A) Ata 100 traballadores o Delegado de Prevención será o Delegado de Persoal.
- B) 3.
- C) 1.
- D) 2.